

## O TRABALLO DESTES MESES do grupo municipal do BNG

Dende que se constituíu a corporación municipal froito das eleccións de maio, celebráronse varios plenos extraordinarios e ordinarios.

O BNG fixo durante este breve espazo de tempo un intensísimo traballo, baseado a veces nas aportacións que nos acercan os/as veciños/as trasladándose ós plenos en forma de preguntas ou rogos e outras veces presentando mocións que supoñen propostas para resolver ou plantexar temas de interese xeral. A modo de resumo exponemos as seguintes:

- Inclusión de Catoira na Denominación de Orixe "Rías Baixas".
- Pista da "Balastrea", na que pedimos melloralo contorno e as propias pistas.
- Canteira de "Pedras Miudas". Negativa ó recheo, apoio á Plataforma e convocatoria dun concurso de ideas para preparar o espazo como zona de turismo e lecer.



de ideas para preparar o espazo como zona de turismo e lecer.

- Moción para melloralo seguridade vial.
- Moción para a instalación da liña ADSL.
- Moción para sacar a concurso a praza de conserxe, e xestionar a consecución de un máis para secundaria.
- Moción para arranxar uns terreos na parroquia de Oeste, tras unhas negociacións do BNG coa Comunidade de Montes para a cesión dos mesmos.

- Solicitud de anecho da estrada de Abalo.
- Moción para rematar as obras da alameda de Oeste.
- Moción para reconsiderar o comenzo das obras de arranxo da Ponte sobre o Ulla. Apoio do BNG a hosteleiros e Comerciantes nas súas xustas reivindicacións. Xa se preguntara por este tema uns meses atrás.
- Solicitud de que nas obras dos Asteiros se preserve o máis posible o contorno fluvial e se respeten as normas de medioambiente.
- Rogo de arranxo inmediato do Pavillón de Deportes con motivo do comenzo do curso escolar. Apoio ós órganos do Colexio Público nas súas reivindicacións.
- Rogo de solicitude de apoio a un colectivo vecinal das Lombas para conquistar o soterramento das liñas de alta tensión.
- Diversas preguntas e solicitude de solución para temas puntuais: bacheos, postes de luz...
- Rogo de cese dos basureiros incontrolados e pregunta sobre a queima de residuos de gran tamaño.
- Mocións sobre temas de interese xeral: Violencia contra a muller, recortes en pesca...
- Diversas preguntas sobre a situación cos médicos de garda.
- Constantes preguntas sobre a situación mes a mes do campo de fútbol e as perdas deportivas e económicas do Club Catoira.
- Preguntas sobre as contínuas e enigmáticas viaxes do Alcalde.
- Preguntas e rogos sobre distintos lugares, prazas e fontes na parroquia de Dimo.



[www.bng-galiza.org/osalnes](http://www.bng-galiza.org/osalnes)

E-mail: [salnes@bng-galiza.org](mailto:salnes@bng-galiza.org)

Local Comarcal: R/ A Baldosa, 25 - 2º D • Vilagarcía de Arousa

Tel./Fax.: 986 56 50 59

**Aprobados os orzamentos (presupostos) para o ano 2004 cos votos favorables do PSOE e do...P.P. é dicir, cos votos do que xa se escomeza a chamar en Catoira como grupo municipal P.P.SOE.**



Impreso postal sen enderezo



**Voceiro do  
BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO**

Xaneiro 2004

# BE-NE-GA

Catoira

## ENORME PREOCUPACIÓN EN CATOIRA POLO PECHE DA PONTE... E O ALCALDE NA ARXENTINA.

O grupo municipal do BNG preocupado polo que pode supoñer un serio problema para a economía de moitos sectores do noso pobo, púxose en contacto dende o primeiro momento cos representantes dos colectivos máis afectados, denunciando públicamente as graves consecuencias que ía supoñer o peche da ponte e presentando no último pleno unha moción de urxencia para tratar este tema. Poucos días despois do devandito pleno, quedamos abraizados ó enterarnos que o alcalde emprendera unha viaxe de 12 días a Arxentina.

Neste intre no que hai persoas do noso pobo ás que mesmamente se lle pode facer difícil defender o seu medio de vida, só un alcalde irresponsable pode deixar abandonados ós seus veciños. Esa viaxe supón un importante custo económico para o noso concello (emprendeuna nada máis rematar o pleno no que se aprobaron os presupostos). Agardamos con ansiedade que




o Sr Alcalde nos diga as xestións feitas nese país, xa que, pola urxencia da viaxe, deben ser moi importantes, dándolle prioridade á visita a Bos Aires antes que defender os lexítimos e vitais intereses de moitas familias de Catoira.

# APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS 2004

PP e PSOE veñen de aprobar en consenso e gran armonía os presupostos do 2004. O Alcalde convocou unhas xuntanzas cos voceiros dos grupos municipais nas que lles amosou un borrador e tratou de clarear algunhas cuestións con respecto ó mesmo. A continuación o BNG presentoulle un documento en base o que se podía chegar a algúns acordos, e estas propostas foron rechazadas polo Alcalde. Basicamente as propostas do BNG incluían estes puntos:

1. Que nos tribunais para acceder a postos de traballo no Concello houbera un representante de cada grupo municipal (PSOE - BNG - PP).
2. Que na asignación de subvencións a Asociacións Culturais, clubs deportivos... participasen representantes dos grupos municipais e das propias asociacións, constituíndo unha comisión que establecese uns criterios para a concesión das axudas.
3. Que o Alcalde, en base a que a cidadanía de Catoira lle quitou a maioría absoluta, cedese ó Pleno algunha das súas atribucións, porque consideramos que así se levaría a cabo unha xestión máis democrática do Concello.
4. Que permitise ós grupos municipais (PSOE - BNG - PP) un acceso fácil e responsable a facturas, documentación e contas do Concello en aras dunha maior transparencia e coñecemento da situación económica real por parte das veciñas e veciños de Catoira
5. Que se levasen a cabo neste ano unha serie de obras que o BNG considera prioritarias (ancheo estrada de Abalo, beirarrúas en Veiga da Menda, sumidoiros na parroquia de Dimo, terminación da alameda de Oeste, acondicionar os terreos do contorno do Centro Médico de Catoira (parque, aparcamento, rotonda...), beirarrúas e sumidoiros no Paseo do Mirador, continuar beirarrúas en Corredoira para unir coa Veiga da Menda e inicialas en Santa Baia, e un plan a 4 anos de servizos básicos de saneamentos para as catro parroquias).

O Alcalde e os seus compañeiros do PP non aceptaron estas propostas, polo que o BNG veuse na obriga de votar en contra da aprobación dos orzamentos, facendoo o PP a favor. ¿Motivos desta votación favorable? Eles darán algunha xustificación para saír do paso, pero nós e vostedes temos claro o que está sucedendo entre os representantes deste grupo político e o señor Alcalde.



# SERVICIO MÉDICO A Voz de Catoira

NO ÚLTIMO PLENO O BNG PREGUNTOULLE Ó ALCALDE SOBOR DOS PROBLEMAS QUE ESTABAN A PADECER OS VECIÑOS E VECIÑAS DE CATOIRA POLO DEFICIENTE E ANÁRQUICO SERVICIO MÉDICO. O ALCALDE RESPOSTOU QUE DESCOÑECÍA TALES DEFICIENCIAS. NÓS PREOCUPÁMONOS POR COÑECERLAS E POR TRATARSE DE UN SERVICIO BÁSICO PARA OS CIDADÁNS PASAMOS A RELATARLLE COMO ESTÁ A SITUACIÓN ACTUALMENTE:

Dende as tres da tarde ás 8 da mañán do día seguinte, non hai servizo médico. Cando un dos médicos titulares ten que ausentarse, ven un substituto un día si e outro non. Fins de semana, ós sábados cada 15 días tócalle estar de garda pola mañán a un dos médicos titulares, os outros sábados aténdense as urxencias en Catoira se lle cadrou ese día haber médico substituto. Ós domingos non hai servizo de gardas. De luns a venres, consultas pola mañán, remata o servizo ás tres da tarde. Esta anarquía e mal servizo ten un responsable que é a Consellería de Sanidade e responde á política do P.P. de recortar gastos para conquistar o que eles chaman "déficit cero." Nós rexeitamos esa política que consiste en aforrar cartos a costa da saúde das persoas. Tamén parécenos lamentable que o alcalde manifeste que el descoñecía totalmente o tema, pois sendo a sanidade un dos dereitos básicos dos cidadáns, que o alcalde do noso concello descoñeza como está o servizo médico, parécenos unha despreocupación inexplicable.

Os dous últimos números de "O PERIÓDICO, A voz de Catoira", son da responsabilidade do PSOE. Anteriormente, este mesmo panfleto partidista, considerado polo alcalde como unha mostra de bo periodismo, era editado pola asociación ou agrupación MOEGA (se cadra Moncho e García).

Como é ben sabido, o Concello de Catoira, mellor dito, o alcalde, "reparte" ó seu antollo, substanciais subvencións e axudas económicas a distintos colectivos culturais e deportivos, tanto máis cuantiosas canto máis leais e servís lle sexan, o que implica que por lóxica MOEGA debería figurar entre as beneficiadas. Como o BNG se interesou nun pleno pola financiación da mencionada asociación ou agrupación, o alcalde enfureceuse co noso voceiro, Pepe Castaño Dios, e confirmou que O PERIÓDICO que antes editaba MOEGA, agora pasaba a ser do PSOE.

É aquí onde resulta cando menos sospeitoso o cambio, pois por dedución pódense establecer as seguintes secuencias:

- 1ª MOEGA recibe subvencións do Concello para editar O PERIÓDICO.
- 2ª Este periódico pasa a ser do PSOE.
- 3ª O alcalde é do PSOE.
- 4ª Presumiblemente o PSOE recibe subvencións do alcalde para editar O PERIÓDICO.

# ARRANXO DA PONTE - PROCESO

1. 20 de Decembro do 2003. Diante do anuncio de peche por cinco meses feito pola Deputación e que comenzaría o 13 de Xaneiro, o BNG de Catoira decide ofrecerse ós afectados a través da Asociación Local de Hosteleiros. Faiselle chegar este apoio ó Secretario da mesma.

2. Unha vez que este llo transmite ó resto da Directiva, séguense mantendo contactos e a propia Asociación empeza a moverse. O voceiro do BNG está presente no primeiro encontro entre representantes de Catoira e Isorna.

3. O BNG de Catoira fai chegar ós medios de comunicación a súa preocupación mediante comunicados (diarios) e declaracións (Telesalnés). Isto, xunto cos comunicados da Asociación, fai que as Diputacións se alarmen, igual que o Alcalde de Rianxo.

4. O Alcalde de Catoira convoca o Pleno do día 29 de Decembro e non fai constar ningún punto da orde do día co tema da Ponte.

5. O BNG de Catoira recrimínalle ó Alcalde non ter tomado ningún tipo de medidas de previsión deste problema nin ter dada unha información clara ós vecinos e veciñas de Catoira, e introduce no citado Pleno unha moción de urxencia solicitando se tomen medidas (acelerar os traballos con varios turnos, utilizar pasos sustitutorios...) para paliar o máximo posible as perdas de hosteleiros, comercio e cidadáns en xeral. Acórdase que unha representación dos grupos municipais (PSOE - BNG - PP) sexa recibida polo Presidente da Deputación para buscar solucións.

6. A día de hoxe o BNG non foi convocado para esta reunión.

7. Sorprendentemente o Alcalde de Catoira decide deixar tirados ós veciños e marcha de xira pola Arxentina. Unha vez máis faino pola espalda, sen avisar á Corporación Municipal. Esta enterase pola prensa que volverá o día 13, ¡que casualidade: o día que empezarán as obras da Ponte!.

8. O sábado 10 hai unha xuntanza no Concello na que tanto o Alcalde de Rianxo coma o Presidente da Deputación de Pontevedra (que ó igual que o Alcalde de Catoira teñen dedicación exclusiva e o seu traballo consiste en solucionar este tipo de problemas) recoñecen (entre sorrisos) que non se decatara ata agora dos problemas que traería este peche... que non traen a esta reunión ningunha solución, pero que están consultando ós técnicos.

O BNG de Catoira continúa, como o fixo dende o primeiro momento, ó servizo dos afectados para todo aquilo no que poida ser útil.



# O PARQUE EMPRESARIAL

O BNG considera que se está a utilizar o tema do Parque Empresarial (P.E.) para confundir á cidadanía é o que é máis grave, utilizando os resortes do poder engánase a todo un pobo de forma sistemática.

Como consta no programa electoral do BNG, a posibilidade da reubicación do P.E. figuraba entre unha das súas propostas, esta decisión foi o resultado de moitas conversas con personal técnico moi cualificado que consideraba que a zona do Mirador de Abalo posuía unha extremada beleza paisaxística que aconsellaba outros usos que a súa vez reportarían uns maiores beneficios tanto para os veciños de Abalo como para o conxunto do Concello. Estamos a falar da urbanización e construción de vivendas unifamiliares que suporían un desenvolvemento extraordinario para esa zona. Pensemos pois, que con esta medida a Comunidade de Montes percibiría uns ingresos moitísimo máis elevado así coma os propietarios particulares.

Falamos de que se está a confundir ós veciños de Abalo porque o que se tratou no pleno do 27 de outubro foi a "Aprobación inicial do Proxecto de urbanización do Parque Empresarial en Mirador-Abalo" o que implica que a ubicación xa estaba aprobada con anterioridade.

Se o grupo do BNG se abstivo neste punto foi porque o Sr. Alcalde se negou a contestar a unha serie de preguntas que o noso voceiro plantexou:

1ª) ¿Por que non foi ratificado polo Pleno o convenio entre o Concello, Xestur e SEA S.L. (Suelo Empresarial del Atlántico)?

2ª) ¿Non se puido conseguir coa Comunidade de Montes de Abalo un acordo máis beneficioso para os intereses dos veciños? Noutros Parques estase a pagar o m<sup>2</sup> entre 1.000 e 2.000 pesetas.

3ª) "¿Por qué non se lle explicou ós comuneiros a posibilidade da cesión en aluguer?", de xeito que a Comunidade nunca perdería a propiedade.

4ª) "¿Citou regulamentariamente a tódolos propietarios particulares coñecidos e descoñecidos como di a Lei 9/2002?"

5ª) "¿Non se acordou nun pleno que se reuniría a tódolos afectados con Xestur?"

6ª) "¿Hai estimacións do prezo final que SEA, S.L. vai vender ós empresarios?"

Asimesmo debemos resaltar que os 18 millóns de pesetas, que saen do bolsillo de tódolos veciños, e que ten que pagar o Concello polos terreos comunais son "regalados" a unha empresa que vai obter uns beneficios incalculables. Que á súa vez, e porque así o quere o grupo do PSOE co apoio do PP, o Concello renuncia ós 7.200 m<sup>2</sup> que lle corresponden e que a un prezo de 7.000 pesetas, prezo estimado ó que vai vender Xestur supoñen uns 50 millóns de pesetas, que o Concello por obra e gracia de Alberto García perden os nosos veciños.

A todo isto hai que sumar a renuncia ó importe das taxas, aproximadamente 7 millóns.

Todas estas renuncias supóñenlle ó Concello uns 70 millóns. Para facernos unha idea, cada metro lineal de alcantarillado custa entre 10.000 e 15.000 pesetas, pois cos cartos que perde o concello por este acordo faríanse aproximadamente 6 kms de alcantarillado, que suporían arranxar unha das grandes demandas dos veciños e veciñas de Catoira, sen que repercutise negativamente na construción do Parque.



Vista empresas de Catoira

# CANTEIRA E LAGOA DE PEDRAS MIUDAS: TODA UNHA LOITA VECIÑAL

Xa pouco nos poden sorprenden as recentes manifestacións de Alberto García en relación co tema da Canteira e Lagoa de Pedras Miúdas aparecidas neso que tan pomposamente chama "O Periódico: A Voz de Catoira". Sen nengún tipo de rubor convirtese no principal protagonista da loita a favor do peche da canteira e no gran gran defensor da lagoa e do seu entorno, cando todo o mundo sabe que a iniciativa e peso desta loita foi sempre veciñal. Foron os veciños os que loitaron sen desmaio para lograr o cese de actividade e peche da explotación alá polos anos 90 e son os veciños os que seguen a loitar con tesón e esforzo para lograr que a lagoa non se convirza nun vertedoiro de escombros e no gran negocio dun fado de empresarios sen nengúnha preocupación por Catoira nin sensibilidade ecolóxica, pero cunha gran habilidade caza-subencións e con "importantes amistades" dentro da política local. Que as forzas políticas axudaron e axudan, non se pode negar. Para eso están: para defender os intereses veciñais. ¿En que medida cada unha? Ah, eso é outra cousa.

En relación coa lagoa non se pode dicir que a Alcaldía se distinguira pola súa defensa. Máis ben ó contrario, amparándose nunha "falsa e interesada neutralidade" por ser "cousa da Comunidade de Montes"-dicían-, o Alcalde e o seu grupo permaneceron sempre á marxe. E só a última hora, cando a práctica unanimidade dos comeneiros, veciños e demais forzas sociais e políticas se manifestaron en contra, foi cando se viron forzados a sumarse ó carro e, incluso, intentan apropiarse das iniciativas e xestións alleas. No defensa da lagoa hai que subliñar a extraordinaria loita que un grupo de persoas, sobre todo xente nova, veu desenvolvendo nos dous últimos anos en contra do recheo e a favor da

iii DEFENDAMOS  
A LAGOA !!!



súa conversión nun espacio protexido e seguro para uso e disfrute de todos. Diante do feito da presentación e exposición pública do proxecto de recheo, é cando este grupo se amplía e se organiza dando lugar á PLATAFORMA EN DEFENSA DA LAGOA que, dende setembro pasado, é quen está levando a iniciativa e o peso da loita. Foi ela quen se dirixiu A TÓDALAS FORZAS POLÍTICAS e sociais recabando o seu apoio e para que manifestaran o seu parecer, foi quen convocou unha assemblea na Casa da Cultura para informar e debater cos veciños, a que recolleu firmas para unir ó escrito de alegacións que presentou na Consellería de Medio Ambiente e para solicitar a convocatoria dunha Asamblea Extraordinaria de Comeneiros, quen confeccionou pancartas e enviou escritos a diversas autoridades (Presidente da Xunta, Consellerías, Grupos Parlamentarios, medios de comunicación...).



E o BE.NE.GA. sempre estivo nesta loita ó lado dos veciños e da Plataforma. Mostra disto son as iniciativas seguintes:

-02/maio/02: Os nosos concelleiros da anterior Corporación presentan unha moción instando ó Sr. Alcalde a convocatoria dunha reunión urxente cos portavoces dos distintos grupos políticos, representantes da Comisión de Montes e colectivos veciñais interesados co fin de lograr un consenso a favor da conservación da lagoa, así como para iniciar as xestións precisas diante da Comisión de Montes e a Xunta de Galicia para converter este entorno nun Parque Público.

-maio/03: O BE.NE.GA. leva no seu programa electoral a defensa da lagoa e a mellora do seu entorno para uso e disfrute dos veciños, dentro dun proxecto máis amplo de rexeneración ambiental de Catoira.

-setembro/03: Responde afirmativamente á Plataforma e préstalle a súa colaboración.

-26/setembro/03: Nova moción na que se propón ó Pleno que o Concello se persone como parte interesada no expediente de alegacións (só quedan dúas semanas para que o prazo remate) e se opoña frontalmente ó proxecto de recheo. Se volve a pedir que se forme unha comisión, na que estean representados tódolos grupos, para que negocie coa Comisión de Montes o tema da seguridade e dos posibles usos deste espacio. Asimismo, solicita que se convoque un concurso de proxectos para converter esta zona nunha área de tipo "recreativo, deportivo, ecolóxico, educacional...", que contemple o uso público.

Solicita, asimismo, ó Sr Alcalde que se permita intervir no pleno a un portavoz da Plataforma. Así ocorre, inda que nada máis escomenzar este a súa argumentación, por non ser do seu agrado, córtalle á palabra nun alarde máis de cómo este señor concibe a participación cidadán e a democracia.